



# **CURSO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORIAS PARA O EMPREGO DUNHA CONDUTA PAS E SOPORTE VITAL BÁSICO**

**MODALIDADE: PRESENCIAL    NÚMERO DE HORAS: 5    EDICIÓNS: 11**

**LUGARES DE IMPARTICIÓNS:** A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo (2 ed.), Sta. Uxía de Ribeira, Vilagarcía de Arousa e O Barco de Valdeorras (2 ed.).

**DATOS REQUERIDOS PARA INSCRIBIRSE:** Nome e apelidos, núm. DNI, teléfono de contacto e nome do sector no cal traballa.

## **PERSOAS DESTINATARIAS**

Este curso está dirixido as persoas traballadoras activas ou en situación de desemprego, as persoas traballadoras autónomas, os delegados e delegadas de prevención e de recursos preventivos e as persoas traballadoras designadas que asuman con medios propios a actividade preventiva das empresas que que poida verse involucrado ou afectado por un accidente ou incidente laboral de tipo cardiorrespiratorio.

## **DESCRICIÓNS:**

Nas primeiras actuacións sanitarias non profesionais, todo traballador ou traballadora pode verse involucrada no seu entorno laboral nun accidente ou nunha situación relacionada co trastorno da saúde ocasionado de forma súbita e que obriga a actuar de maneira inmediata.

Polo que se refire ós primeiros auxilios, serían aquelas accións ou técnicas que permiten unha actuación inmediata no caso dun accidente ata que chegue a correspondente asistencia médica profesional.

Tal situación, pode ser o caso dunha parada cardíaca, como aquel incidente repentino que pode alterar de forma sobresaínte o estado de saúde dunha persoa; Así ocorre que, non son poucas as ocasións, nas que os traballadores e traballadoras involucradas nun incidente deste tipo, dispoñan das nocións básicas necesarias para levar a cabo de forma segura e a través de procedementos sinxelos e claros, unha axuda asistencial que permita reducir considerablemente os danos e incluso mellorar as expectativas doutro traballador ou traballadora.

Por todo o exposto, a finalidade deste curso debe ser a de conseguir sensibilizar a calquera traballador ou traballadora no coñecemento e utilización de técnicas de soporte vital básico e des fibrilación, como medio imprescindible no ámbito laboral para poder salvar vidas ou reducir as deficiencias e/ou secuelas que poden producirse froito dunha sinistralidade deste tipo.

Neste senso, os principais obxectivos que se dirixen nesta acción formativa son os seguintes:

- Informarse sobre o sistema de emerxencias extra-hospitalarios.
- Coñecer as técnicas e os protocolos de soporte vital básico e desfibrilación.
- Valorar as primeiras actuacións e actuar ante unha parada cardíaca.
- Coñecer os protocolos e funcionamento do desfibrilador semiautomático externo.
- Comprender as principais actuacións específicas ante situacións de emerxencia.

#### **BLOQUE DE CONTIDOS.**

1. A importancia no coñecemento e utilización das técnicas de soporte vital básico e desfibrilación.
2. Valoración básica e primeiras actuacións ante unha persoa inconsciente.
3. Parada cardíaca. Cadea de supervivencia.
4. Sistema de emerxencia extra-hospitalarios.
5. Soporte vital básico. Protocolos.
6. DESA. Protocolos, funcionamento. Resolución de problemas e casos especiais.
7. Outras actuacións específicas ante situacións de emerxencia: Queimaduras, atrancos, convulsións, dificultade respiratoria, ansiedade, accidente cerebro vascular (ACV), entre outras.

#### **AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN:**

Os asistentes que, cumprindo co requisito de asistencia a esta actividade segundo a orde que regula esta convocatoria, recibirán un diploma acreditativo da súa asistencia.

co financiamento de

